

En Febreiro do 2020 os grupos municipais do PSdeG-PSOE e de Compostela Aberta subscribiron un **'Acordo para os orzamentos 2020'** para facilitar a tramitación dos orzamentos municipais do Concello de Santiago e dotar á institución municipal de estabilidade orzamentaria “de cara aos retos que ten que afrontar a cidade nos próximos anos”.

Para Compostela Aberta continúan vixentes os eixos estratéxicos achegados a principios deste ano, sobre todo no relativo a “reforzar os investimentos en gasto social e garantir un bo desenvolvemento dos servizos municipais” como piares para combatir a crise do coronavirus. Igualmente consideramos vixentes e válidos os compromisos recollidos no ‘Pacto polo Rural’, impulsado por FERUSA e a activación das actuacións recollidas no ‘Acordo do Foro Cívico’ asinado en maio do 2019.

A piques de comezar o último cuadrimestre do ano, Compostela Aberta empra a ao grupo de goberno a convocar unha reunión de seguimento do acordado anteriormente, na primeira quincena de setembro, con varios obxectivos:

- a) Revisar o grao de cumprimento do acordo e as previsións para a recta final do ano.
- b) Revisar a proposta de remanentes municipais, que xa facían parte do acordo inicial.
- c) Actualizar os orzamentos do Concello para facer fronte á crise da COVID-19.
- d) Pór en común as previsións orzamentarias para o exercicio 2021.

O ano 2021, por moitos motivos, é un “reto para a cidade”, tal e como o definiamos no texto do acordo. Para que este ano se convirta nunha oportunidade que aproveitemos en beneficio do conxunto da cidadanía, cómpre comezar a traballar canto antes.

Un saúdo.

Santiago de Compostela, a 18 de agosto de 2020

Marta Lois González

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



Portavoz de Compostela Aberta